

ÓPTICA

SELECTIVIDADE CUESTIÓNS

C.1. Un espello cóncavo ten 80 cm de raio de curvatura. A distancia do obxecto ao espello para que a súa imaxe sexa dereita e catro veces maior é: **a)** 50 cm; **b)** 30 cm; **c)** 60 cm. (S-13).

R: b).

C.2.- Se se desexa obter unha imaxe virtual, dereita e menor que o obxecto, úsase: **a)** un espello convexo; **b)** unha lente converxente; **c)** un espello cóncavo. (X-13).

R: a).

C.3.- Se un espello forma unha imaxe real invertida e de maior tamaño que o obxecto, tratase dun espello: **a)** cóncavo e o obxecto está situado entre o foco e o centro da curvatura; **b)** cóncavo e o obxecto está situado entre o foco e o espello; **c)** convexo co obxecto en calquera posición. (X-12).

R: a).

C.4.- Para obter unha imaxe na mesma posición en que está colocado o obxecto, ¿que tipo de espello e en que lugar ten que colocarse o obxecto?: **a)** cóncavo e obxecto situado no centro de curvatura; **b)** convexo e obxecto situado no centro de curvatura; **c)** cóncavo e obxecto situado no foco. (S-11).

R: a).

C.5.- Se cun instrumento óptico se forma unha imaxe virtual, dereita e de maior tamaño que o obxecto, trátase de: **a)** unha lente diverxente; **b)** un espello convexo; **c)** unha lente converxente. (X-10).

R: c).

C.6.- Para obter unha imaxe virtual, dereita e de maior tamaño que o obxecto, úsase: **a)** unha lente diverxente; **b)** unha lente converxente; **c)** un espello convexo. (X-09).

R: b).

C.7.- Se cun espello se quere obter unha imaxe maior que o obxecto, haberá que empregar un espello: **a)** plano; **b)** cóncavo; **c)** convexo. (S-08).

R: b).

C.8.- Se se desexa formar unha imaxe virtual, dereita e de **menor** tamaño que o obxecto, débese utilizar: **a)** un espello cóncavo, **b)** unha lente converxente, **c)** unha lente diverxente. (X-07).

R: c).

C.9.- A imaxe formada nos espellos é: **a)** real se o espello é convexo, **b)** virtual se o espello é cóncavo e a distancia obxecto é menor que a focal, **c)** real se o espello é plano. (S-06).

R: b).

C.10.- Nas lentes diverxentes a imaxe sempre é: **a)** dereita, menor e virtual; **b)** dereita, maior e real; **c)** dereita, menor e real. (X-06).

R: a).



C.11.- Dous espellos planos están colocados perpendicularmente entre sí. Un raio de luz que se despraza nun terceiro plano perpendicular aos dous, reflectese sucesivamente nos dous espellos; o raio reflectido no segundo espello, con respecto ao raio orixinal: **a)** é perpendicular; **b)** é paralelo; **c)** depende do ángulo de incidencia. (S-04).

R: b).

C.12.- Nas lentes diverxentes a imaxe é sempre: **a)** dereita, maior e real; **b)** dereita, menor e virtual; **c)** dereita, menor e real. (X-03).

R: b).

C.13.- Nun espello esférico convexo, a imaxe que se forma dun obxecto é: **a)** real, invertida e de maior tamaño que o obxecto; **b)** virtual, dereita e de menor tamaño que o obxecto; **c)** virtual, dereita e de maior tamaño que o obxecto. (S-02).


R: b).

C.14.- Ao atravesar unha lente delgada, un raio paralelo ao eixo óptico: **a)** non se desvía; **b)** desvíase sempre; **c)** desvíase ou non dependendo do tipo de lente. (S-98).

R: b).

C.15.- Nunha lente converxente, os raios que saen do foco obxecto: **a)** converxen no foco imaxe; **b)** emerxen paralelos; **c)** non se desvían. (S-97).

R: b).



IES AS LAGOAS